ASOCIACIÓN VIEIRO

FICHA TÉCNICA

**ENTRE TODOS**

| **CURSO** | **ENTRE TODOS** |
|---|---|
| **OBXECTIVOS** | • Facilitar que o menor desenvolva a súa autonomía persoal (autocontrol das reaccións emocionais e coñecemento persoal).<br>• Conseguir a mellora das relacións co ámbito familiar e o grupo de iguais.<br>• Reducir o número de condutas disruptivas no fogar.<br>• Acompañar ao menor a través dos estadios de cambio e aumentar a conciencia da súa problemática respecto ao consumo de sustancias.<br>• Adquirir estilos educativos adecuados e eficaces que permitan unha adecuada<br>• resolución das situacións problemáticas ou conflitivas.<br>• Mellorar as habilidades de comunicación que permitan reducir as dificultades de comunicación e de relación existentes na familia. |
| **DESTINATARIOS/AS** | A poboación destinataria do curso son as familias con fillos/as adolescentes con primeiros consumos de sustancias aditivas. |

| | |
|---|---|
| **METODOLOXÍA** | Os país/nais, para mellorar as habilidades e os coñecementos que actúan como factores de protección, reciben un adestramento interactivo. A través de métodos e estratexias de probada efectividade, mellóranse as pautas educativas e as relacións existentes na familia. Isto implica formar, dotar de ferramentas e involucrar aos pais/nais no desenvolvemento de actitudes, conductas e habilidades de xestión familiar. Inclúe tamén as actuacións necesarias para exercer a súa función educadora, mediadora e promotora de estilos de vida saudables que favorecen a prevención do consumo de sustancias nos fillos e fillas. Utilízase para, para elo, estratexias metodolóxicas activas e participativas, que transcenden o meramente informativo (técnicas de discusión e debate, modelado, ensaios condutuais, retroalimentación, reforzo de conductas aprendidas, entre outras).<br>Nas sesións utilízanse actividades interactivas, tales como dinámicas, debates, vídeos e actividades en grupo para favorecer o intercambio de ideas entre os/as participantes. |
| **CONTIDOS** | ➢ Traballo educativo cos adolescentes, coa familia e conxunto con ambos.<br>➢ Adestramento en habilidades de xestión familiar.<br>➢ Exercicios de modelado.<br>➢ Ensaio de condutas.<br>➢ Práctica de habilidades.<br>➢ Información sobre efectos, riscos e consecuencias da sustancia de consumo. |

| | |
|---|---|
| | ➢ Habilidades de afrontamento e rexeitamento<br>➢ Presión de grupo |
| **LUGAR DE CELEBRACIÓN** | Na sede da entidade |
| **DURACIÓN** | Aproximadamente 5 sesións, dunha hora e media de duración, que poden verse aumentadas ou reducidas dependendo de cada caso. |